



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO . (EXP. REF. 43-2016). LECTURA DO INFORME EMITIDO POLO DO XEFE DO SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS RELATIVO AO INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS TÉCNICAS POR PARTE DE TODOS OS LICITADORES ASÍ COMO O ESTUDIO DAS MEDIDAS A ADOPTAR.

Sendo as 13:00 horas do día 24 de marzo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Dona Carmen Flores Pardo, Vicesecretaria accidental; don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodriguez Toajas, Interventor Xeral; don Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos servizos técnicos de parques e xardíns e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Tamén asiste á xuntanza don Gema Neira en representación da mercantil LORKE SYSTEMS S.L. e don Ignacio Pérez González de PRIMUR S.A..

Procédese por parte do Presidente da Mesa a explicar aos asistentes que logo da xuntanza da Mesa de Contratación na que se propuxo a adxudicación do contrato á mercantil LORKE SYSTEMS S.L. o técnico de parques e xardíns comprobou novamente a documentación e observou que ningunha das licitadoras cumpre as dimensións máximas esixibles para a cabina (2,65 m x 2,35 m) e do radio de xiro interior mínimo de 1,80 m, polo que ningunha cumpre os requisitos esixidos.

Explica o representante de PRIMUR que entenderon que había que ter en conta as dimensións máximas da cabina xa que por normativa é valido o xiro de 1,50 m tendo en conta que coas medidas da cabina esixibles non cabe o radio de xiro establecido, deste xeito na súa oferta respectaron as medidas máximas da cabina e reduciron o radio a 1,50 m. A representante de LORKE xustifica o mesmo de xeito que eles mantiveron o radio de xiro establecido pero incrementaron a dimensións da cabina e que non é posible casar as medidas da cabina co radio de xiro.

O presidente da Mesa explica que esta circunstancia non foi manifestada no prazo de licitación e que non poden admitirse estes cambios xa que puidera existir empresas interesadas que non optaron á licitación por entender que non podían cumprir o esixido. Deste modo e de ser certo o afirmado polos licitadores (deberá emitirse informe por parte do técnico de parques e xardíns) a Mesa de Contratación acorda declarar deserto o procedemento ou renunciar ao procedemento, de



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: ACTA lectura informe incumplimento pregos e deserto

Asunto: ACTA LECTURA INFORME INCUMPRIMENTO PREGO DECLARACIÓN DESERTO

confirmarse a incongruencia dos pregos, e previos os cambios correspondentes realizar unha nova licitación.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas, no lugar enriba sinalado.

O PRESIDENTE,



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.

A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabares Martinez.